

Vedra medra visita S. Miguel de Sarandón e S. Pedro de Vilanova co alumnado de 2º de ESO

Comezamos a última semana de Santos e **Vedra medra** sae co alumnado de 2.º de ESO a San Miguel de Sarandón e a San Pedro de Vilanova.

Hoxe tiñamos un obxectivo: descubrirlles aos rapaces A Ulla como comarca vitivinícola.

Para levalo a cabo emprendemos unha tripla vía de aproximación:

A primeira, ás paisaxes de viñedo (PATRIMONIO NATURAL) cun repaso polo cultivo tradicional da viña (a actividade agraria, os traballos na viña, a evolución das técnicas de traballo) e coa elaboración dun dicionario varietal da produción vitícola ullá.

A segunda, aos útiles de traballo (PATRIMONIO CULTURAL MATERIAL), aos usados e propios de cada labor na leira e na adega.

A terceira, aos nomes das terras e á tradición oral (PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL): toponimia menor, refraneiro, contos populares, santoral, pregarias e ofrendas, gastronomía e cantigas populares da Ulla.

E eliximos dous puntos da contorna: a casa museo de Esperanza Lema en Dozar (San Miguel de Sarandón) e Pazo Galegos en S. Pedro de Vilanova.

Esta escolla permitiunos cotexar unha bodega tradicional de reducidas dimensións e produción pequena cunha gran bodega que comercializa e exporta viños.

Vedra medra segue na súa aposta pola revalorización do patrimonio inmaterial local e faino a partir dun fío que vertebra todas as súas actuacións: recuperar os nomes tradicionais dos lugares. Neste caso, ocupámonos dos nomes das terras (topónimos menores ou miúdos). Cada leira ten un nome propio que serve de referencia e recoñecemento para os veciños da aldea. Este nome pode describir a calidade da terra, a dimensión ou a situación da leira, certas características do contorno e inclusive retallos da vida e historia locais.

Hoxe repasamos varios miúdos de S. Miguel e trouxémolos para a aula.

E seguiremolo facendo porque somos conscientes de que os nomes das terras van mingando de xeración en xeración e isto débese a múltiples factores, entre outros, aos cambios de uso dos terreos, á concentración parcelaria, ao abandono ou á perda de poboación.

Nós queremos contribuír a contrarrestar estes efectos dende a escola e facémolo sempre contando coa xente maior de cada un dos lugares visitados, facéndoa partícipe activa, recoñecendo o seu saber e rendéndolles honra, de paso, a eles e á cultura oral tradicional que sosteñen.

Na sesión desta mañá, queremos agradecer a contribución de Esperanza e Manuel.

E para rematar incorporamos parte do refraneiro que estivemos relendo ao volver e que teñen como protagonistas o mes de novembro e o viño:

Vaites co mes
que empeza con Santos
e acaba con San Andrés.

De San Miguel a San Martiño
recóllese o pan
e gárdase o viño.

Día de San Martiño,
proba o teu viño.

Do novo viño
bota un traguíño
polo San Martiño.

Día de San Martiño,
todo o viño é bo viño.

Ó chegar o San Martiño,
mátase o porco
e próbase o viño.

Deixa a auga e bebe viño
despois do San Martiño.

Ende vindo Todos Santos
e pasando San Andrés,
viño novo, vello é.